

## Boas prácticas de calidade nos centros da USC 2020

### ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

Denominación da práctica: AULA PROFESIONAL ETSE

Datos de desenvolvemento da práctica: Celébrase durante todo o curso (e leva organizándose moitos anos académicos)

### BREVE DESCRICIÓN DA PRÁCTICA:

A Aula Profesional da ETSE é un concepto docente novedoso a nivel nacional, que naceu na ETSE co obxectivo de ofertar unha ampla relación de pequenos cursos, seminarios e talleres que poidan ser de interese para complementar a formación enxeñeril do noso estudiantado. Trátase dunha acción que incide directamente en **procesos estratéxicos de calidade** en, en particular, en **PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas** e en **PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas**. Ao longo dos anos temos observado, nos procesos de avaliación e seguimento dos nosos títulos, aspectos como habilidades “brandas” (traballo en equipo, comunicación oral, control do estrés, etc) ou competencias complementarias de tipo técnico que é necesario reforzar. Aínda que traballamos na constante actualización e mellora das materias, cursos, contidos e competencias dos nosos graos e máster, existen todavía áreas que, por diversos motivos, é necesario abordar a través de formación complementaria.

A Aula Profesional (<https://www.usc.gal/etse/aulaprofesional>) organiza anualmente unha serie de accións formativas cun amplo enfoque e orientadas a todo o alumnado do noso centro (Grao, Máster e Doutoramento), tanto para as áreas de Enxeñaría Informática como para as de Enxeñaría Química e Ambiental. Trátase dun valioso complemento formativo que mellora a empleabilidade do noso estudiantado e ten sido recoñecida como excelente polos comités externos que fan seguimento dos nosos títulos (e algunhas das súas accións, como o “Assessment Center” foron recoñecidas como boas prácticas por entidades externas como a Universitat Politècnica de Catalunya e presentadas en diversos congresos de innovación docente). Tamén diversos comités de reacreditación das titulacións do centro (e, en particular o IChemE, institución de enxeñeiros/as químicos/as con sede en Londres) teñen resaltado o papel da Aula Profesional na mellora da calidade do centro.

A oferta de cursos, talleres e accións é moi dinámica e conta cunha ampla participación, tanto de profesorado da universidade (onde intentamos implicar a profesorado que resulte complementario para o noso estudiantado, como por exemplo procedente de Psicoloxía) como de profesionais externos. Tamén hai unha habitual participación de persoas procedentes doutras unidades da USC como a Biblioteca, Servizos de Emprendemento, etc. Ademais, organizacións coma os Colexios Profesionais de Enxeñeiros/as (Informáticos/as ou Químicos/as) ou ISA España (International Society of Automation) impulsan habitualmente actividades no eido da Aula Profesional.

A Aula Profesional pasa anualmente por un proceso de planificación, implementación, avaliación, axuste e mellora. A **planificación** de accións xurde da análise dos resultados da Aula Profesional do curso anterior e, ademais, dos procesos de seguimento e análise dos nosos títulos. Por exemplo, no Grao en Enxeñaría Informática identificouse certa carencia nas habilidades de comunicación do estudiantado e isto resultou nunha acción de mellora (AM-GrEI-2) orientada a organizar na Aula Profesional un taller de comunicación oral. A **implementación** consiste na identificación de docentes ou organizadores axeitados para cada

curso, taller ou acción (ben sexa internos da USC ou externos), o deseño dun programa e horario adaptados ás necesidades do centro o do alumnado e a correspondente execución. Faise unha **avaliación** xeral do programa, habitualmente a final de curso, e unha avaliación individualizada de cada actividade da Aula Profesional. Isto produce habitualmente **axustes e melloras**, tanto nos contidos do próximo curso como na temporización da oferta. Neste momento, temos perfilada xa a oferta 2020/21, que actualmente consta das seguintes actividades: **Ética, enxeñaría e investigación: cara a unhas boas prácticas** (Novembro 2020, Cristina Gómez, Depto. Psicología Social USC), **Taller de presentacións orais** (Novembro-Decembro 2020, Juan M. Lema, Depto. Enx. Química, USC), **Análise deseño e explotación de plantas de augas** (Xaneiro 2021, Francisco Omil, Depto. Enx. Química, USC e ponentes externos), **Xornada de investigación CitiUS** (Febreiro 2021, Senén Barro y Paula López, Depto. Electrónica e Computación, USC), **Patentes e innovación** (Febreiro 2021, Juan Garrido, Depto. Enx. Química, USC), **Control do estrés** (Marzo 2021, Ana López, Depto. Psicología Clínica e Psicobiología, USC), **Competencias informacionais** (Gracia Frutos, Biblioteca USC), **Taller práctico de optimización de procesos e produtos mediante deseño de experimentos** (Febreiro 2021, Antonia Carro, Dpto Química Analítica), **Taller de redacción de textos científicos** (Abril 2021, Gemma Eibes, Depto. Enx. Química), **Conversas cunha extraña** (Abril 2021, Almudena Hospido, Depto. Enx. Química e Pilar Casals, Educadora social e socia-fundadora de INTHEMOVE, consultora especializada en sustentabilidade e responsabilidade **corporativa**). Non se trata dun programa pechado, dado que ao longo do curso imos habitualmente incorporando accións para enriquecer a Aula Profesional.

### BREVE AVALIACIÓN DA EFICACIA DA PRÁCTICA:

As actividades da Aula Profesional teñen sido recoñecidas como eficaces, tanto polo noso alumnado como por avaliadores externos. Pese a ser actividades complementarias e, polo tanto, non obrigatorias para os/as estudantes temos habitualmente un alto grao de participación. Por exemplo, no **curso 19/20** desenvolvéronse un total de **12 accións** e, aínda que houbo que cancelar algunha por problemas de datas ou polo confinamento, tivemos **mais de 210 asistentes**. Ademais, fomos quen de **adaptar** algunhas **ás dificultades derivadas da pandemia**. Por exemplo, a actividade “Conversas cunha extraña”, organizouse telemáticamente, [https://twitter.com/etse\\_usc/status/1252243945054240774](https://twitter.com/etse_usc/status/1252243945054240774), e tivo un total de 37 participantes). A actividade “ECAI 2020: 24th European Conference on Artificial Intelligence” adaptouse as circunstancias COVID-19 e o alumnado inscrito participou moi activamente como voluntarios/as na coordinación das reunións telemáticas, axudou en problemas de conexión e tivo a ocasión de asistir a un congreso internacional do máximo nivel.

Por outra banda, facemos unha avaliación das accións a través de **enquisas** aos/ás participantes. As nosas enquisas valoran 4 bloques: aspectos xerais da formación, aspectos concretos, aspectos da organización e aspectos relacionados co/a formador/a (utilizando varias preguntas en cada bloque e catro posibles respostas: moito, bastante, pouco ou nada). Nas últimas avaliacións realizadas a meirande parte das accións da Aula Profesional obtiveron unha moi boa valoración (respostas Moito ou Bastante para a meirande parte das preguntas formuladas ao alumnado). Esta información, ademais de facilitarlla ao formador/a para que coñeza a valoración dos/as participantes, utilízamola anualmente para reconfigurar os cursos e talleres, e facer mellora continua.

Facemos ademais un **uso eficiente dos recursos** de que dispoñemos. A meirande parte dos/as formadores non supoñen coste algún para o centro, dado que tratamos de explotar o potencial da nosa universidade e as nosas colaboracións externas. A Aula Profesional é polo tanto **sostible** e podería ser **replicable** noutros centros.